



## R lanza unha oferta de enerxía verde e galega unida a descontos permanentes na súa factura de telecomunicacións

- *O operador galego ofrecélles xa aos/as seus/súas clientes/as a posibilidade de contrataren subministracións de luz 100 % verde e de orixe local cunha tarifa única 24 horas e sen permanencia*
- *R lanza unha tarifa de luz e gas competitiva unida a un desconto mensual permanente de 9€ (6€ pola luz e 3€ polo gas) na factura de telecomunicacións (fixo, móbil, Internet e tele)*
- *Os/as clientes/as de R poderán rendibilizar o seu consumo a través dunha app específica e unha tecnoloxía de análise baseada en intelixencia artificial que recomenda a potencia óptima e ofrece consellos adaptados a cada fogar*
- *R comprométese a certificar a orixe local e renovable da enerxía e compensará as emisións do servizo de gas coa plantación de árbores*
- *O servizo de enerxía de R xa está dispoñible en todas as súas canles de comercialización: tendas, web e teléfonos de atención ao cliente; contrátase en 5 minutos, sen papeis, e a mudanza é efectiva nun prazo de 3 a 5 días*
- *Este lanzamento forma parte da despregadura deste servizo de enerxía en todas as marcas principais do grupo MasOrange, onde xa conta con máis de 250.000 clientes/as e espera superar os 600.000 en menos de dous anos*

**Mércores, 4 de decembro de 2024.-** R reforza o seu compromiso de ofrecer un **ecosistema integral de servizos para o fogar** permitindo agora que os seus clientes/as poidan contratar as subministracións de gas e luz 100 % verde e de orixe galega xunto co servizo de telecomunicacións.

Estabilizado o mercado enerxético, **R** lanza unha **tarifa de luz e gas 24 h** deseñada para mellorar as condicións de servizo da maioría dos/as seus/súas clientes/as.

O operador galego trasládalles así a usuarios/as de **R** as vantaxes de integrar servizos de telecomunicacións e de enerxía. Para empezar, cun **desconto na factura de telecomunicacións**, beneficio único no mercado actual.

Calquera cliente/a de **R** que contrate o servizo de luz e gas, que **non comporta permanencia**, terá unha rebaixa fixa de **9€ ao mes**, IVE incluído (6€ pola subministración de luz e 3€ pola de gas/108€ ao ano) aplicada á súa factura de telecomunicacións mentres se manteñan activos ambos os dous servizos.

Esta **dedución acumularase en cada punto de subministración** e así, se o/a cliente/a contrata o servizo para outras vivendas, como unha segunda residencia, beneficiarase dun desconto de **18 €/mes** (216 € ao ano) na factura de telecomunicacións.

### **Sen sorpresas: tarifa fixa e app para optimizar gasto e potencia**

Ademais do aforro, a tarifa terá un **prezo fixo** durante todo o día (24 h), tanto a luz coma o gas, para evitar sorpresas desagradables e facilitar o control do gasto, co que xa non será preciso, por exemplo, estar pendente da mellor hora para pór a lavadora.

A tecnoloxía axudará tamén os/as clientes/as de **R** a manter as súas facturas baixo control; poderán **rendibilizar o seu consumo** grazas a unha **app específica** e a unha innovadora tecnoloxía de análise baseada en intelixencia artificial, coa que se estima que o 60 % dos/as usuarios/as aforrarán unha media de 60€ ao ano grazas á **recomendación automática da potencia contratada**. Aforro que pode aumentar co seguimento de **consellos adaptados** ás necesidades de cada fogar. Na aplicación poderase consultar igualmente o **gasto estimado para o mes** con antelación, realizar o seguimento do consumo e atopar formas de mellorar a eficiencia.

A combinación de **prezos competitivos, descontos** pola combinación de facturas e **aforro** facilitado pola **tecnoloxía de optimización de R** terá un impacto significativo na factura de enerxía do fogar, que será sempre mensual (mes natural).

luz e gas  
**pero R non era fibra?**  
sí, e agora, tamén luz e gas

por ser de R  
**9€ /mes**  
de desconto  
na túa factura do teléfono  
ao contratar luz e gas

saber máis

IVE Incl.

### **Compromiso cunha Galicia sostible**

Como parte do seu compromiso coa sociedade galega, **R** comprométese a certificar a orixe **local e renovable da enerxía** e compensará as emisións de gas coa **plantación de árbores**. Combinando os servizos de luz e gas de **R** co de telecomunicacións contribúese activamente á sustentabilidade e ao coidado do medio ambiente para tentar transformar o sector da enerxía en algo xusto e natural.

O servizo de **R luz e gas** de **R** xa está **dispoñible para contratación** a través de todas as canles do operador galego: tendas, web e teléfonos de atención ao cliente. O trámite complétase en só 5 minutos, sen papelame nin visitas de técnicos, e a mudanza efectúase nun prazo de 3 a 5 días sen necesidade de interromper a subministración dos servizos.

Este lanzamento forma parte da despregadura deste servizo de enerxía en todas as marcas principais do grupo MasOrange, onde xa conta con máis de 250.000 clientes/as e espera superar os 600.000 en menos de dous anos.

Máis información en [www.luzegasR.gal](http://www.luzegasR.gal)



**R, enerxía 100 % verde e galega**

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)